

4.1. Concrecións metodolóxicas

Empregarase unha metodoloxía comunicativa.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Libro dixital, libro físico, vídeos, audios, podcasts, fotocopias, aula virtual.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O alumnado realizará unha proba oral na que terá que falar durante 1 minuto dos deportes que practican el e mais amigos ou membros da súa familia.

O alumnado tamén realizará unha proba escrita, que consistirá nunha redación de 150 palabras na que describa a personalidade de varios amigos, compañeiros ou membros da súa familia.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	34	33	33	100
Proba escrita	35	35	35	35
Táboa de indicadores	65	65	65	65

Criterios de cualificación:

Comprensión de textos orais- 10%
 Produción de textos orais- 20%
 Comprensión de textos escritos- 10%
 Produción de textos escritos- 20%
 Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural- 30%
 Traballo de aula e casa- 10%

Criterios de recuperación:

A recuperación do inglés como materia pendente de cursos anteriores vai acompañada dun plan específico de recuperación, por tanto dita recuperación vai depender do progreso e consecución dun grao mínimo esixible no curso académico presente, sendo avaliado pola profesora do devandito curso. A profesora avaliará o esforzo e progreso realizado nas tasks (tarefas) do curso actual, como todas aquelas que lle envíe para suplir a falta de base, de maneira

que, ao finalizar o curso, a profesora conta con datos suficientes para determinar se houbo progreso, aínda no caso de que non aprobase o curso presente.

A recuperación da materia pendente ten, por tanto, unha dobre vía:

1ª vía: A superación do curso presente.

2ª vía: O progreso desde o inicio do curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A profesora valorará o esforzo e o progreso do alumnado no curso que estuda actualmente. Se o alumno ou alumna demostra ter realizado esforzo e progresado ao final de cada trimestre, aprobará a materia pendente nese trimestre.

6. Medidas de atención á diversidade

Ao alumnado con TEA, TDAH e TDA se lle proporcionarán exames separados por preguntas (unha pregunta en cada folio) para facilitarlles a súa resolución. Esta medida fará que se centren só na pregunta que están contestando nese momento e non se dispersen.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Multiculturalismo, acoso escolar, privacidade e seguridade na rede, a importancia das vacinas.	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Visionado da película Gandhi.	Película de 1982, dirixida por Richard Attenborough.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Hai 14 indicadores de logro. Os niveis de logro son alto, medio e baixo. Pódense incluír observacións.

Descrición:

- 1- Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
- 2- Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
- 3- Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
- 4- Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
- 5- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.